MEMORIA

EIJE 2018 – CAMPUS ABANCA



Data: 22 e 23 de marzo de 2018

Lugar: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Vigo



1. ASPECTOS XERAIS.

A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais foi a encargada de organizar a quinta edición do "Encontro Internacional de Jóvens Empreendedores-Encuentro Internacional de Jóvenes Emprendedores" (EIJE 2018). Esta edición integrábase dentro dos actos de celebración dos 50 anos dos estudos de Economía en Galicia, e estivo encadrada dentro do Campus ABANCA, contando co soporte fundamental de Afundación e a colaboración do Colexio de Economistas de Pontevedra. Outras institucións e empresas que colaboradoras foron a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, os concellos de Betanzos e Vigo, e Gadisa.

O encontro tivo lugar os días 22 e 23 de marzo no Salón de Actos da FCEE, contando con 169 inscritos dos seguintes centros de educación superior do norte de Portugal e de Galicia:

- Escola Superior de Ciencias Empresariais do Instituto Politécnico de Viana do Castelo
- Universidade Católica Portuguesa - Centro Rexional de Braga
- Facultade de Dereito da Universidade de Santiago de Compostela
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela
- Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela
- Escola de Relacións Laborais de A Coruña (ERLAC)
- Instituto Politécnico de Bragança
- Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo
- Facultade de Ciencias do Mar da Universidade de Vigo

A asistencia ás sesións formativas era libre mentres existise aforo baleiro polo que entre o público, tamén houbo estudantes de diferentes centros da UVigo e público en xeral.

Os contidos do evento poderían resultar interesantes para diferentes colectivos polo que se procurou acadar o maior eco social posible. Con ese fin, leváronse a cabo diferentes accións de promoción e difusión das actividades, entre as que destacaríamos:

- Carteis nas portas de entrada do centro e en lugares estratéxicos

- Diapositivas nas pantallas de anuncios
- Banner e apartado específico na web da FCEE
- Bandeirolas no vestíbulo e zona de aulas
- Mensaxes repetidos ás listas de correo da FCEE animando a presentarse a concurso e a asistir as mesas redondas
- Mensaxes aos decanos e directores dos centros do campus solicitando a difusión entre posibles interesados
- Mensaxes aos decanos e directores das facultades de Economía e Empresa galegas para que difundisen a iniciativa e animasen á participación dos seus estudantes
- Noticia no DUVI (diario en liña da UVigo)
- Nota de prensa a medios

O proceso de difusión tivo algunhas limitacións por mor das dificultades para pechar o programa, de tal xeito que, buscando facilitar o seguimento a aqueles interesados que non puidesen asistir, o evento retransmitiuse por internet na seguinte dirección: http://tv.uvigo.es/es/directo/1.html

Igual que se fai con outros eventos celebrados na UVigo, aproveitando a retransmisión en directo, graváronse as sesións xerais do encontro (non se gravaron as sesións paralelas de concurso pola cantidade de medios que se precisarían). Os contidos están accesibles na seguinte dirección: https://tv.uvigo.es/es/serial/3283.html


EIJE
economistas
//Afundación



2. ELEMENTOS DE DIFUSIÓN

A difusión do evento entre o público obxectivo empregou os seguintes elementos:

2.1 Cartel





2.2 Diapositiva para pantallas e web




2.3 Noticia no DUVI





2.4 Bandeirola para soporte vertical





3. PROGRAMA

Esta quinta edición concibiuse con dúas vertentes: un concurso de ideas empresariais e unha acción formativa con charlas e mesas redondas. O programa foi o seguinte:

50 ANOS DOS ESTUDOS DE ECONOMÍA EN GALICIA

CAMPUS ABANCA: Programa de educación financeira de Afundación, Obra Social ABANCA

V ENCONTRO INTERNACIONAL DE XÓVENES EMPRENDEDORES

PROGRAMA:

Xoves, 22 de marzo		
9:30	Vestíbulo da FCEE	Acreditación de participantes e recollida de documentación
10:00	Salón de Actos	Sesión de apertura: ▪ **Salustiano Mato de la Iglesia** – Reitor da Universidade de Vigo ▪ **Cecilia Vázquez Suarez** – Directora Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado ▪ **Santiago Novoa García** – Director de Banca Institucional de ABANCA ▪ **Carlos Rodrigues** – Vicepresidente do Instituto Politécnico de Viana do Castelo ▪ **J. Santiago Gómez Fraiz** - Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo ▪ **Abel Caballero Álvarez** - Alcalde de Vigo
10:30	Salón de Actos	Conferencia inaugural: ▪ **Adolfo Fernandez Sánchez** – Google Business Development Manager Spain & Portugal
11:30	Hall Salón de Actos	Pausa café
12:00	Salón de Actos	Mesa redonda - Experiencias en Emprendemento ▪ **Avelino Correa** - Creappcuentos ▪ **Gonzalo Camiña** – Opseeker ▪ **Guillermo López** – Torusware ▪ **Águeda Comesaña** – Sal y Laurel ▪ **Julio Portela** - Green Way (gañador do ano pasado)




V ENCONTRO INTERNACIONAL DE XÓVENES EMPRENDEDORES

PROGRAMA:		
13:30	Comedor ETSE Minas	Xantar
16:00	Aulas Seminario	Sesións paralelas de presentación de proxectos
18:00	Salón de Actos	Presentación dos proxectos finalistas
21:30	Hotel Coia	Cea de confraternidade
Venres, 23 de marzo		
10:00	Salón de Actos	Mesa Redonda: Innovacion, financiación e emprendemento ▪ **Andrés Fernández** – RedInvest ▪ **Rubén Ferreiro** – Lanai ▪ **Yolanda Falcón** - Unirisco
11:30	Hall Salón de Actos	Pausa café
12:00	Salón de Actos	Sesión de Clausura e Entrega de Premios: ▪ **Emilia Vázquez Rozas** – Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Santiago ▪ **João Paulo Vieito** – Director da Escola Superior de Ciencias Empresariais de Valença (Instituto Politécnico de Viana) ▪ **João Manuel Duque** – Presidente do Centro Regional de Braga da Universidade Católica Portuguesa ▪ **Jesús A. Vázquez Forno** – Director da Escola de Relacións Laborais de A Coruña ▪ **Juan J. Santamaría Conde** - Decano-Presidente do Colexio de Economistas de Pontevedra ▪ **J. Santiago Gómez Fraiz** – Decano da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo
13:15	Comedor ETSE Minas	Comida

V ENCONTRO INTERNACIONAL DE XÓVENES EMPRENDEDORES

LOCALIZACIÓN DE ACTIVIDADES:





4. CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS

O concurso ía dirixido especialmente a estudantes de último curso de grao e de mestrado que presentaron o seu TFG, aínda que tamén estaba aberto a graduados con proxectos en fase de materialización. Presentáronse a concurso 20 traballos que se expuxeron en tres sesións paralelas na tarde do xoves, 22 de marzo. Na táboa recóllense os traballos presentados, o primeiro asinante e a sala asignada para a defensa. De cada sala saían elixidos dous proxectos finalistas (un portugués e un español) que pasaban á final.



AULAS DE EXPOSICIÓNS DE TRABALLOS

TÍTULO	APELIDOS	NOME	AULA SEMINARIO
Baltar Enamora	Jardón Ferreiro	Laura	6
Barcelospadel	Costa Veiga-da Silva	Vera Filipa	8
Bragança Agrioloja	Lopes	Catarina	6
Castañas & Companhias - Gourmet	Gomes Basilio	Daniel Henriques	6
E-noz	Hernández Rodríguez	Andrea	6
Eco-O	Goyanes	Guillermo	8
Emozio	Rodríguez Domínguez	Bruno	7
Eusenme	Pinto Osorio	Eliana Inês	8
Happyan	Ferreira Ribeiro	Joana Catarina	6
Inservice	Jesús Lopes	Inês Filipa de	7
Invicta Mágica	Alves	Joana	7
JobFit	Pintor Garea	Tania	7
Nextop	Garcia	Nair	7
Nina Concilia	Soalleiro	Reyes	8
Planalto Micoplant	Preto	Gilda	8
Quality Work	Fraga	Daniel	8
Tupperwhere	Pedrouzo	Noelia	6
Varrer a Solidão	Almeida Machado	Ernesto Miguel de	7
Workar	García Torres	Daniel	8

Os traballos que pasaron á final foron os que se recollen na táboa, resultando gañadores os proxectos Invicta Mágica (Universidade Católica Portuguesa-Braga) e Baltar Enamora (Escola de Relacións Laborais-A Coruña) aos que, ademais do diploma acreditativo, o Colexio de Economistas de Pontevedra premiou con un iPad Pro.

PROXECTOS FINALISTAS		
TÍTULO	APELIDOS	NOME
Baltar Enamora	Jardón Ferreiro	Laura
Castañas & Companhias - Gourmet	Gomes Basilio	Daniel Henriques
Eco-O	Goyanes	Guillermo
Emozio	Rodriguez Dominguez	Bruno
Invicta Mágica	Alves	Joana
Planalto Micoplant	Preto	Gilda



5. CHARLAS E MESAS REDONDAS

A vertente formativa artellouse en torno a unha conferencia inaugural e dúas mesas redondas, todas abertas a calquera persoa interesada e retransmitidas en directo.
A primeira, titulada "Escribiendo nuestra historia en un cambio de era" correu a cargo de Adolfo Fernández Sánchez, Director de Desenvolvemento de Negocio de Google para España e Portugal.



A primeira das dúas mesas redondas estivo dedicada a falar de experiencias de éxito en emprendemento e creación de empresas. Interviñeron catro poñentes, todos eles con iniciativas de negocio en marcha ou en proceso de arranque, moderando a mesa Carlota Sánchez Puga, Coordinadora de Educación Superior de Afundación:

- **Avelino Correa** - Creappcuentos
- **Gonzalo Camiña** – Opseeker
- **Águeda Comesaña** – Sal y Laurel
- **Julio Portela** - Green Way (gañador do ano pasado)



A segunda mesa tiña un carácter máis técnico, orientada cara a algún dos principais problemas con que se atopa a posta en marcha de novas empresas. Co título de "Innovación, financiación e emprendemento", foi moderada por Lalo García (Conector) e contou coa intervención de outros catro poñentes, especialistas nesas temáticas:

- **Andrés Fernández** – RedInvest
- **Rubén Ferreiro** – Lanai
- **Yolanda Falcón** – Unirisco
- **Adolfo Fernández** - Google





6. REPERCUSIÓN EN MEDIOS

Como se comentou ao inicio, desenvolveuse unha campaña de difusión do evento destinada a ampliar o seu eco social. Dita campaña organizouse de xeito coordinado entre a Afundación e a FCEE, empregando aqueles medios dispoñibles nas respectivas institucións que se consideraron máis axeitados.

No caso da FCEE recorreuse ás listas de correo do centro e de campus, pantallas, páxina web e diario electrónico da universidade.

Elaboráronse tamén notas de prensa para difundir a medios. Como resultado, apareceron reseñas anunciando o evento o 20/3/2018 na prensa viguesa:

- **Atlántico Diario** – https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/atlant200318.jpg http://www.atlantico.net/articulo/vigo/200-alumnos-gallegos-lusos-campus-emprendedores/20180322233546638688.html
- **Faro de Vigo** – https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/farode200318.jpg http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2018/03/23/doscientos-universitarios-galicia-portugal/1859892.html

Os distintos medios fixéronse eco do encontro durante os días de celebración:

- **Atlántico Diario** – Publicación no suplemento Universitas y publicación en liña: https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/atlant200318.jpg
- **La Voz de Galicia** – Publicación en liña: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/vigo/2018/03/22/google-ofrece-servicios-emprendedores-vigo/00031521734541906420956.htm https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/lavo230318.jpg
- **Faro de Vigo** – Publicación en liña: https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/farode230318.jpg
- **La Vanguardia** - https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/lava230318.pdf
- **20 minutos** - https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/vm230318.pdf
- **Galicia Confidencial** - https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/gcon230318.pdf
- **GaliciaPress** - https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/gp230318.pdf



- **Europa Press** - https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/pre230318.pdf
- **Noticiasgalicia.com** - https://quiosco.duvi.uvigo.gal/images/quiosco/ng230318.pdf

Impactos acumulados

Total de alcance: 5.323.862
-Medios online: 5.154.264
-Twitter: 119.460
-Facebook: 50.138

Total impactos: 104
-Medios online: 40
-Twitter: 61
-Facebook: 3



Principales impactos en medios online

ABC

Usuarios: 1.611.052



20 Minutos

Usuarios: 1.025.545





Principales Impactos medios online gallegos

La voz de Galicia

Usuarios: 349.456



Faro de Vigo

Usuarios: 142.354





Principales impactos Twitter



Galicia Confidencial
@GConfidencial
21.254 seguidores



Europa Press Galicia
@EPGalicia
18.408 seguidores



Noticias Vigo
@noticiasVigo
12.257 seguidores



Universidade de Vigo
@uvigo **37.109** seguidores



Principales impactos Facebook



Galicia Confidencial
24.477 seguidores



Galicia Confidencial
24.477 seguidores